



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES DE FENE

CURSO: 2º ESO

MATERIA: TECNOLOXÍA

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

• **Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución**

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
1ª Avaliación:	
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Coñece as fases do proceso tecnolóxico. Analiza obxectos tecnolóxicos desde o punto de vista técnico, social e económico.
TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos	Elabora esbozos e bosquexos para explicar as características da solución a un problema tecnolóxico.
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.
TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	
TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Presenta ideas que poidan solucionar o problema. Utiliza as ferramentas axeitadas e de forma segura. Responsabilízase do traballo realizado, recoñece os erros e propón accións para mellorar.
TE1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso	É respectuoso coas opinións e ideas dos demais membros do equipo.
2ª Avaliación	
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.
TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	Clasifica os materiais segundo as súas propiedades. Coñece a utilidade dos materiais en función das súas propiedades. Coñece os tipos máis comúns de madeiras. Coñece o uso dos metais máis habituais.
TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.
TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	
3ª Avaliación:	
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.
TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	
TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	
TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas	

mecánicos.	
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada	
TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	Deseñar e simular circuítos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.
TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico	Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.

Criterios de cualificación

- **Escenario de presencialidade**

A cualificación global dos alumnos, para cada avaliación, será a referida aos aspectos e porcentaxes seguintes:

- Traballo do alumnado avaliado mediante a observación directa, a corrección de exercicios na clase ou a realización de tarefas na casa (20%)
- Probas escritas (50 %)
- Traballos realizados nas sesións de informática (15 %)
- Traballos realizados na aula-taller (15%)

Cando os alumnos non traballen no taller a porcentaxe correspondente engadirase ao traballo realizado na aula de informática.

Realizarase como mínimo un exame por avaliación.

Os alumnos que suspendan unha avaliación terán dereito a un exame de recuperación.

- A nota na avaliación ordinaria será a media da nota obtida nas tres avaliacións.

- **Escenario de semipresencialidade**

- **No caso dun escenario de semipresencialidade a ferramenta de referencia para a entrega de traballos será a aula virtual Moodle, así como a videoconferencia, e as porcentaxes dos diferentes aspectos avaliados serán os seguintes:**

- Traballos presentados aula virtual Moodle (50 %)
- Probas (50 %)

- **Escenario de non presencialidade**

- **No caso de que haxa un confinamento a aula virtual Moodle seguirá sendo a ferramenta de referencia, así como a videoconferencia, e o departamento tomará as seguintes medidas:**

- Farase unha adaptación dos estándares de aprendizaxe, seleccionando os que o departamento considere imprescindibles para acadar as competencias.
- Non se avaliarán os traballos e proxectos de taller, durante o confinamento.
- Os criterios de cualificación serán os seguintes:
 - Traballos presentados na aula virtual Moodle (70 %)
 - Probas (30 %)